

forme ao previsto neste regulamento e na normativa sectorial aplicable, sen prexuízo e con independencia da esixencia de danos e perdas, e das responsabilidades de orde penal que procedesen.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As modificacións que se introduzan nas materias ordenadas por este Regulamento por disposicións legais de rango igual ou superior que resulte de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita deste Regulamento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Derróganse cantas disposicións anteriores se o poñan ao preceptuado neste regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

Para o non previsto neste Regulamento, rexerá o establecido nas leis e disposicións regulamentarias de carácter xeral dictadas sobre a materia.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

O presente Regulamento de Servizo foi aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o 22 de decembro de 2004 e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sendo de aplicación a partir desa data e continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Moaña, a 11 de xaneiro de 2005.—O Alcalde, ilexible. **2005000271**

A N U N C I O

O Pleno desta Corporación Local, en sesión celebrada o día 1 de xullo de 2004, adoptou acordo sobre aprobación inicial da ordenanza de Normalización Lingüística. Dito acordo informouse ó público por termo de 30 días; non formulando alegación algunha contra o mesmo; na súa consecuencia o acordo provisorio elévase a definitivo.

A presente Ordenanza entrará en vigor a partir da publicación do texto literal no B.O.P.

Texto literal da Ordenanza de Normalización Lingüística:

ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

LIMIAR

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5.1º dispón que a lingua propia de Galicia é o galego. O punto 3 confírelles aos poderes públicos

a obriga de potenciar o seu uso en todos os ámbitos da vida pública, cultural e informativa.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, establece que a lingua galega é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos, é a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade. Como consecuencia deste principio, determina o carácter do galego como lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración Local e das entidades públicas dependentes da Comunidade Autónoma.

No artigo 6 establécese o dereito da cidadanía ao uso do galego, oralmente e por escrito, e o dereito a seren atendidos en calquera instancia dentro do ámbito territorial da oficialidade e a plena validez e eficacia de calquera actuación no idioma propio.

Nesta liña, o artigo 25 establece que o Goberno Galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras. Con esta finalidade e por actos singulares, poderanse outorgar reducións ou exencións das obrigas fiscais.

A Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, no seu artigo 1 dispón: As convocatorias de sesións, ordes do día, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia, redactaranse en lingua galega. Esta lei establece igualmente, na súa disposición transitoria, que as entidades locais que non estean en condicións de incorporar de contado o galego como lingua normal nos actos escritos da Administración disporán dun prazo de dous anos a partir da publicación desta lei para adoptar acordo sobre a realización material do disposto nel e darlle cumprimento.

Máis amplamente se pronuncia a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, ao considerar, no seu artigo 7 que as convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega.

Tamén regula o coñecemento da lingua que o persoal da administración ten que posuír ao indicar, no artigo 245.6, que nos sistemas de selección que se realicen para o acceso ás prazas da Administración local terá que demostrarse o coñecemento da lingua galega.

No mesmo senso, a Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no

artigo 36.2 dispón que nos procedementos tramitados polas administracións das comunidades autónomas e das entidades locais, o uso da lingua axustarase ao previsto na lexislación autonómica correspondente.

Cómpre, xa que logo, elaborar e aprobar unhas liñas de actuación constante co fin de incorporar o galego en todos os ámbitos da vida municipal, e impulsar a normalización do seu uso no conxunto da sociedade.

Por considerarmos que as razóns expostas abondan para cambiar as actitudes lingüísticas, propónselle á Comisión Informativa de Cultura que aprobe a seguinte Ordenanza de normalización lingüística.

ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE MOAÑA

CAPÍTULO I

DO USO OFICIAL DO IDIOMA GALEGO

ARTIGO I

1.1.—O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello de Moaña.

1.2.—As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal terán plena validez e eficacia.

1.3.—A cidadanía terá dereito a ser atendida e obter copia ou recibir notificacións da documentación municipal no idioma oficial que elixa.

CAPÍTULO II

ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO II

2.1.—O uso da lingua galega por parte do Concello de Moaña e dos organismos que del dependan —padroados, organismos autónomos, sociedades anónimas municipais, etc.— hase rexer polos criterios establecidos nesta ordenanza.

2.2.—As empresas adxudicatarias ou concesionarias que actúan por conta deste Concello, así como as de explotación mixta, farán o propio, e ha facerse constar explicitamente nos documentos correspondentes.

2.3.—O Concello de Moaña velará para que no ámbito interno e nas actividades en que participe —convenios, consorcios— se apliquen os principios anteriores aquí establecidos.

2.4.—O Concello de Moaña mantén un Servizo de Normalización Lingüística co obxectivo de dar pulo á normalización do concello. Todos os organismos anteriormente citados han de se axustar aos criterios de uso lingüístico que difunde o Servizo de Normalización Lingüística.

CAPÍTULO III

DAS RESOLUCIÓNS E DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

ARTIGO III

3.1. As actuacións internas do Concello faranse en galego.

3.2. Redactaranse en galego:

- a) As convocatorias das sesións de todos os órganos colexiados da Corporación e nomeadamente as do Pleno, Comisión de Goberno, comisións informativas, consellos sectoriais, entidades con personalidade xurídica dependentes deste Concello e tribunais de oposicións e concursos.
- b) As actas das sesións dos devanditos órganos municipais.
- c) As resolucións do alcalde, dos concelleiros delegados e o seu Libro de rexistro.

3.3. A Alcaldía e os rexedores, e tamén as diversas dependencias administrativas ou servizos, redactarán en lingua galega os ditames, informes e propostas que teñan que someterse á decisión ou coñecemento de calquera órgano corporativo municipal.

3.4. Todos os impresos utilizados polos diferentes órganos do Concello de Moaña redactaranse en galego.

3.5. Os rótulos indicativos de oficinas e despachos, as cabeceiras de toda clase de impresos, os selos de goma e outros elementos análogos han estar escritos en galego.

3.6. As aplicacións e programas informáticos han estar adaptados para o funcionamento en lingua galega.

ARTIGO IV

4.1.—Cando o Concello encargue estudos a terceiros, proxectos e traballos análogos, cando sexan persoas físicas ou xurídicas con domicilio en Galicia, halles demandar que sexan realizados en galego.

4.2.—O Concello requiriralles aos seus contratistas e provedores, cando sexan persoas físicas ou xurídicas con domicilio en Galicia, a presentación da documentación en galego e que, na máxima medida posible, fagan uso do galego nos bens e nos servizos que sexan obxecto do contrato. Estes requisitos han de constar no prego de condicións dos contratos administrativos que aprobe o Concello.

CAPÍTULO IV

DAS RELACIÓNS COAS E COS ADMINISTRADOS

ARTIGO V

5.1.—Todos os expedientes administrativos do Concello de Moaña tramitaranse en lingua galega.

5.2.—Sempre que calquera interesado o solicite formalmente, entregaráselle os documentos que lle afecte ou solicite na lingua oficial que demandase. En calquera caso non se interromperá a tramitación en galego.

5.3. As comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas ou xurídicas residentes no ámbito lingüístico de Galicia faranse en lingua galega, sen prexuízo do dereito dos cidadáns a recibilas, se o demandan formalmente, en castelán.

5.4.—Os expedientes que deban ter algún ou todos os efectos fóra do territorio no que a lingua galega é idioma oficial, faranse tamén en galego e castelán, coa indicación neste último caso de que o texto é tradución do orixinal galego, e achegarase, se for posible, a tradución na lingua propia ou oficial da administración respectiva.

ARTIGO VI

Os impresos ofreceranse en versión galega, sen prexuízo do dereito dos particulares a cubrilos en castelán. O Concello facilitará a tradución ao castelán daqueles impresos que así se soliciten.

ARTIGO VII

Só se farán impresos bilingües cando algunha circunstancia especial así o requira, de acordo coas orientacións que estableza a comisión á que se refire o artigo 30 por proposta do Servizo de Normalización Lingüística. O texto galego figurará sempre de forma preferente.

ARTIGO VIII

Nas súas comunicacións administrativas orais, o persoal do Concello empregará a lingua galega, a non ser que o/a administrado/a demande expresamente ser atendido/a en castelán.

ARTIGO IX

Os documentos públicos e os contractuais outorgados polo Concello redactaranse sempre en galego. No caso en que o Concello concorra xunto con outros outorgantes, o documento redactarase tamén na lingua que se acorde e, se for o caso, o Concello solicitará unha copia auténtica en galego para incorporala no expediente.

CAPÍTULO V

DAS RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

ARTIGO X

10.1.—A documentación que o Concello dirixa a calquera das administracións públicas situadas no territorio galego redactarase en lingua galega.

10.2.—As comunicacións do Concello dirixidas á Administración civil ou militar do Estado e á Xustiza dentro do ámbito lingüístico galego redactar-

anse en lingua galega, independentemente do feito de que esta documentación ou os expedientes que con ela se relacionen teñan o seu efecto fóra deste ámbito.

ARTIGO XI

11.1.—Os documentos do Concello dirixidos ás administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tamén se redactarán en galego e castelán, coa indicación neste último caso de que o texto é tradución do orixinal galego, e achegarase, no caso de ser posible, a tradución na lingua propia ou oficial da administración respectiva.

11.2.—As copias dos documentos do Concello en galego que deban de enviarse a administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tramitaranse en galego e castelán, coa indicación neste último caso de que o texto é tradución do orixinal galego e achegarase, no caso de ser posible, a tradución na lingua propia ou oficial da administración respectiva.

ARTIGO XII

Respecto dos documentos dirixidos directamente aos organismos centrais de ámbito estatal ou supraprovincial, o Concello aterase ao que prevén as disposicións vixentes, redactándoos sempre que sexa posible en galego.

CAPÍTULO VI

DOS AVISOS, PUBLICACIÓNS E ACTIVIDADES PÚBLICAS

ARTIGO XIII

Os anuncios oficiais da corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia ou en calquera outro medio de comunicación radicado no territorio da nosa comunidade autónoma serán redactados en galego. Fóra do ámbito lingüístico galego, a publicación farase xeralmente en versión dobre.

ARTIGO XIV

Os cargos do Concello expresaranse normalmente en galego nos actos públicos realizados en Galicia, sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.

ARTIGO XV

15.1.—Os libros, as revistas e, en xeral, todos os carteis e publicacións que edite o Concello de Moaña, como tamén as mensaxes que se emitan nos medios de comunicación, faranse en galego, agás aqueles destinados especificamente á promoción exterior, que se poderán facer na lingua das persoas destinatarias.

15.2.—Fóra do ámbito lingüístico galego, a publicidade farase sempre en versión dobre: galego e castelán.

ARTIGO XVI

Todos os textos que han ser publicados enviaranse ao Servizo de Normalización Lingüística para os corrixir.

CAPÍTULO VII DOS REXISTROS

ARTIGO XVII

Sen prexuízo do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/1983, nos rexistros administrativos das oficinas do Concello de Moaña os asentamentos faranse sempre en galego, independentemente da lingua na que estean escritos.

CAPÍTULO VIII ATENCIÓN AO PÚBLICO

ARTIGO XVIII

Os servizos da Oficina de Información e demais unidades administrativas que teñan unha relación co público máis intensa promoverán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación e información aos cidadáns dos seus dereitos lingüísticos, de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación.

O disposto no presente artigo tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten servizos públicos municipais por concesión, arrendamento ou concerto.

CAPÍTULO IX TOPÓNIMOS, SINALIZACIÓNS E RÓTULOS

ARTIGO XIX

Consonte co que dispón o artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do Concello de Moaña é a galega, ao igual que a dos demais topónimos de Galicia.

ARTIGO XX

Os rótulos e sinalizacións da casa do concello, dos outros edificios e servizos públicos e da rede viaria municipal dependentes do Concello ou instaladas polas súas empresas adxudicatarias ou concesionarias ou calquera outra entidade serán redactados no idioma galego.

Cando o interese xeral o requira, tamén poderán redactarse en castelán e noutros idiomas.

ARTIGO XXI

O Concello de Moaña velará pola normalización de toda a súa sinalización e rotulación; tomará as medidas necesarias para garantir o uso da toponimia oficial galega.

CAPÍTULO X DA SELECCIÓN, PROVISIÓN E RECICLAXE DO PERSOAL

ARTIGO XXII

A declaración de oficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo da corporación estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e escrito, en igualdade co castelán e, de acordo coa natureza do seu obxectivo, establécese o seguinte:

ARTIGO XXIII

23.1.—Nas convocatorias para o acceso a prazas de persoal do Concello, xa sexa funcionario, laboral ou de calquera outro xeito, ha de figurar, como condición obrigatoria, que todas e todos os aspirantes acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á función desempeñada.

23.2.—Por proposta da comisión de seguimento desta ordenanza, o Pleno do Concello establecerá nas bases das convocatorias o nivel de galego que acrediten os aspirantes.

ARTIGO XXIV

24.1.—Na provisión dos postos de traballo, incluídos os cargos con habilitación nacional, os/as candidatos/as han ser capacitados/as e posuír un grao de coñecemento da lingua galega, tanto na expresión oral como na escrita, que os/as fagan aptos/as para desenvolver as súas funcións.

24.2.—Por proposta da comisión de seguimento desta ordenanza, o Pleno do Concello, á hora de definir os postos de traballo, establecerá os niveis e contidos respectivos do coñecemento oral e escrito da lingua galega para cada caso, e ha considerar o coñecemento expreso da lingua galega como requisito indispensable ou mérito preferente de acordo coa avaliación que se estableza.

ARTIGO XXV

O Servizo de Normalización Lingüística formará parte dos tribunais cualificadores para valorar os coñecementos de galego na selección de persoal e na provisión de postos de traballo.

ARTIGO XXVI

As persoas responsables dos diferentes órganos do Concello de Moaña, de acordo co Servizo de Normalización Lingüística, tomarán as medidas necesarias para que, nos órganos da súa competencia, o persoal que neles traballe teña os coñecementos precisos de galego co fin de garantir un desenvolvemento correcto, dende o punto de vista lingüístico, das tarefas internas ou dirixidas aos/ás administrados/as.

ARTIGO XXVII

O Concello de Moaña, de acordo co Servizo de Normalización Lingüística, organizará cursos de lingua galega para todo o funcionariado que non teña os coñecementos necesarios para exercer as súas funcións e para mellorar o nivel de linguaxe administrativa ou doutras especialidades.

ARTIGO XXVIII

Será obrigatorio para todo o funcionariado adquirir o nivel de coñecemento establecido nas bases, de acordo cos criterios e termos que fixe a comisión de seguimento da ordenanza.

O persoal ao servizo da corporación que teña acreditado o coñecemento do idioma galego ou participase nos programas de formación ou perfeccionamento deberá utilizalo no seu traballo.

ARTIGO XXIX

A formación profesional do persoal funcionario e laboral do Concello de Moaña farase en lingua galega, sempre que dependa do Concello a programación e organización. De non depender del, o Concello demandará que se faga en galego.

CAPÍTULO XI

DO CUMPRIMENTO E SEGUIMENTO
DA ORDENANZA

ARTIGO XXX

30.1.—Para garantir o cumprimento desta ordenanza, crearase unha Comisión Interdepartamental de Seguimento integrada cando menos polo/a alcalde/alcaldesa, o/a secretario/a xeral, o/a xefe/a de persoal, a persoa responsable do Servizo de Normalización Lingüística, un concelleiro ou concelleira designada por cada grupo municipal, un/unha representante do comité de empresa e outro/a da xunta de persoal.

30.2.—Esta comisión de seguimento reunirse polo menos dúas veces ao ano para analizar o cumprimento e desenvolvemento desta ordenanza, e extraordinariamente cando a convoke o alcalde por iniciativa propia ou por pedimento dalgún dos seus membros.

30.3.—A actualización, ampliación ou revisión da ordenanza tamén depende desta comisión, a cal fará o estudo e por proposta correspondente ao Pleno do Concello, para que, se procede, se aprrobe a modificación.

ARTIGO XXXI

Tamén é competencia da comisión de seguimento promover, chegado o caso, os expedientes sancionadores oportunos por incumprir esta ordenanza.

CAPÍTULO XII
DO IMPULSO INSTITUCIONAL

ARTIGO XXXII

32.1.—De acordo co establecido no art. 25 da Lei de normalización lingüística do galego, o Concello de Moaña fomentará a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outra dentro do ámbito municipal.

32.2.—Das tarefas que se realicen para dar pulo institucionalmente no municipio de Moaña, ocupárase o Servizo de Normalización Lingüística e de acordo cos criterios que establece a comisión de seguimento desta ordenanza.

32.3.—Todos os organismos do Concello de Moaña darán pulo á normalización lingüística no seu ámbito de actuación co soporte técnico do Servizo de Normalización Lingüística e de acordo cos criterios que establece a comisión de seguimento desta ordenanza.

32.4.—O Concello de Moaña poderá outorgar redución ou exencións de obrigas fiscais para as actuacións relacionadas coa normalización lingüística, conforme co artigo 25 da Lei de normalización lingüística.

Moaña, 12 de abril de 2004.—Técnica de Normalización Lingüística, Paula Soto Viñas.

2005000272

* * *

SANXENXO

A N U N C I O

Aprobación Inicial do Proxecto de Estatutos e Bases de Actuación para a Xunta de Compensación do S.U. 15 "Parque empresarial" sito en Nantes-Sanxenxo.

O Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, mediante Resolución de 14 de decembro de 2004 acórdase a aprobación inicial ó proxecto de Estatutos e Bases de Actuación para a Xunta de Compensación do S.U. 15 "Parque Empresarial" en Nantes-Sanxenxo.

Durante o prazo de vinte días expónse ó público o citado proxecto co obxecto de que poida examinarse e, se é o caso, se formulen as alegacións pertinentes.

O presente anuncio servirá de notificación nos termos do artigo 59 da Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común para tódolos propietarios e interesados directamente afectados que por resultaren descoñecidos ou ignorando o seu enderezo non poidan ser notificados persoalmente.

Segundo o establecido no artigo 161.3 do RGU, publícase o contido de dito proxecto.